



veciñanza

nota de prensa

Veciñanza esíxelle ao Goberno Local a defensa do camiño público da Louriña

Non se trata dun conflito entre particulares, senón dun problema contra o Concello de Cuntis, polo que os veciños e veciñas que ata o de agora pelexaron na defensa do público non deben asumir ningún custe económico máis. Este asunto xa supuxo no seu día unha denuncia por prevaricación contra o anterior alcalde do Partido Popular

Cuntis, 14 de xaneiro de 2017. Veciñanza instará no pleno do mes de xaneiro ao Goberno a intervir na defensa dun camiño público que dende fai varios anos vén sendo ocupado de xeito ilegal na Louriña. **Os veciños e veciñas afectadas veñen defendendo por vía xudicial o camiño público que dá acceso á súa aldea, asumindo os custes que isto comporta ante a pasividade e indiferenza tanto do actual goberno como do anterior do Partido Popular. O vial en cuestión vén sendo ocupado inexplicablemente por un particular co consentimento da Administración Local, que exerce deste xeito unha deixazón de funcións totalmente inadmisíbel ao estarmos a falar dun elemento de titularidade pública.** Nin tan sequera a propiedade foi discutida en ningún momento por ningunha das partes.

Os veciños e veciñas da Louriña descoñecen cal é o motivo polo que tanto o anterior goberno como o actual permiten esta situación, malia afirmaren primeiro o PP e agora o PSOE que intervirían para corrixir esta anómala situación. Tanto é así que o actual alcalde, Campos Velay, chegou a plantexar a cuestión nun pleno do ano 2014, obtendo por resposta o compromiso do Sr. Antonio Pena (alcalde naquela altura) o compromiso de iniciar o expediente. **O incumprimento desta palabra rematou cunha denuncia por prevaricación contra o ex-alcalde do Partido Popular, hoxe voceiro do seu grupo municipal.**

Veciñanza posiciónase rotundamente do lado dos veciños e veciñas da Louriña, afectadas por unha situación irregular e consentida no tempo mediante o incumprimento da obriga dos Gobernos Municipais de defenderen o patrimonio público. Cómpre sinalar que non se trata dun conflito entre particulares, senón dun problema contra o Concello de Cuntis, polo que os veciños e veciñas que ata o de agora pelexaron na defensa do público non deben asumir ningún custe económico máis.

